



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica
Convenio Colectivo 2008

PARAR: OPORTUNO E EFICAZ

Nas 8 primeiras reunións da Comisión Negociadora practicamente non se tiña movido nada. Foi convocar o paro do día 29 e a 9ª Mesa de Negociación adiántase para o día 27. Prodúcese tamén cambios na proposta da empresa tendentes a desmobilizar e a darlle unha saída aos sindicatos que están por negociar o modelo de clasificación profesional e tamén outras cuestións moi negativas para o cadro de persoal.

Algúns dirán que este movemento da empresa tivo a súa orixe na “presión” negociadora dos sindicatos na Mesa de negociación. Cada quen que interprete os cambios como crea conveniente.

Para os sindicatos que convocamos estes paros, a oportunidade era clara: evitar que o peloteo se prolongara ata o verán e coa metade do cadro de persoal de vacacións se puidese firmar o Convenio. (xa non sería a primeira vez).

O próximo xoves día 5 hai unha nova Mesa de Negociación e tamén un novo paro convocado. É moi posible que a empresa traia outra proposta menos mala ca anterior. Tamén haberá interpretacións de porqué sucede esto.

AS REFERENCIAS CLARAS

Algúns teiman en ver melloras (insuficientes) nas novas propostas da empresa. A referencia non debe ser o que propuxo a empresa, senón a situación actual tanto en condicións laborais como salariais e a situación económica da empresa actualmente. Tendo eso en conta non sería aceptable nada que empeorara a nosa situación actual e parece de xustiza que, como mínimo, acadasemos as principais reivindicacións que contén a Plataforma do Intercentros.

**MOBILIZATE E PARTICIPA, O FUTURO DAS NOSAS
CONDICIÓN LABORAIS ESTÁ EN XOGO**

Galiza, 3 de xuño de 2008